

CURSO

INTERVENCIÓN SOCIAL CON MULLERES E NENOS/AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL

DOSSIER INFORMATIVO

DIRIXIDA ÁS
PROFESIONAIS DA
QUENDA DE GARDA DE
TRABALLO SOCIAL



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Introducción.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	4
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario	5
7) Metodoloxía.....	5
8) Avaliación	6
9) Docencia	6

1.RESUMO DO CURSO



50 horas



Online con 3 sesións virtuais



Do 25 de outubro ao 26 de
novembro de 2021



De balde

1. INTRODUCCIÓN

A violencia sexual é un problema social, político e cultural que ocorre de forma sistemática, permitíndose e manténdose nunha sociedade patriarcal.

As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado investigaron en 2019 un total de 15.319 posibles delitos contra a liberdade e indemnidade sexual. O *'Informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual en España 2019'* elaborado polo Ministerio do Interior, recolle que abusos e as agresións sexuais son as tipoloxías penais máis frecuentes e alcanzan o 78 por cento do total. Outro dato a destacar é que o 85% das vítimas que sofren este tipo de delitos son mulleres.

Xa que logo, a intervención con mulleres e nenos/as que sufriron violencia sexual é unha das accións fundamentais para poder garantir unha atención integral ante esta grave problemática psicosocial.

Neste sentido, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) en virtude da renovación do *Convenio de Colaboración para a posta en marcha dun servizo de Quenda de garda social permanente para mulleres vítimas de violencia, os seus fillos e fillas menores e as persoas dependentes*, asinado coa Consellería de Presidencia e Administracións Públicas a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, aposta por prestar unha intervención especializada e inmediata desde o Traballo social ás mulleres/familias, promovendo a formación das e dos profesionais vinculados á Quenda de Garda.

2. OBXECTIVOS

- Visibilizar a violencia sexual cara ás mulleres e nenos/as.
- Dotar ás e os profesionais dun coñecemento teórico específico sobre os factores que interveñen no desenvolvemento da violencia sexual cara a mulleres.
- Proporcionar ás e os profesionais técnicas para efectuar unha primeira valoración do estado e as necesidades das vítimas de violencia sexual.
- Adquirir ferramentas persoais e profesionais para acompañar ás vítimas e poder abordar as necesidades que se derivan do impacto desta tipo de violencia.

3. CONTIDOS FORMATIVOS

Módulo 1. Interv. Social con mulleres e nenos/as vítimas de violencia sexual.

- Introducción: Contextualización da violencia sexual. Mitos ao redor da violencia sexual.
- Conceptualización e visibilización da violencia sexual nas mulleres e nenos/as: Consecuencias. Indicadores de detección. Factores de risco e protección. Abordaxe ante a sospeita.
- Intervención con mulleres e nenos/as vítimas de violencia sexual: o Contidos, estratexias e ferramentas. Desenvolvemento da intervención. Habilidades persoais e profesionais. Autocoidado.
- Casos prácticos.

Módulo 2. Recursos institucionais na abordaxe da violencia sexual.

Módulo 3. Intervención Policial con mulleres e nenos/as vítimas de violencia sexual.

Módulo 4. Marco lexislativo.

- Tipoloxía dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual.
- Penas e agravantes
- O consentimento da vítima: Do “non é non” ao “si é si”
- Asistencia Letrada a vítimas de delitos sexuais.

Módulo 5. Facturación.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Traballadoras/es sociais da Quenda de garda de traballo social especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. CALENDARIO

Do 25 de outubro ao 26 de novembro de 2021.

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	11/11/2021	16.30-20.00h
Sesión 2	18/11/2021	16.30-19.30h
Sesión 3	25/11/2021	16.30-19.30h

6. METODOLOXÍA

O curso será de carácter teórico-práctico, fomentando a participación do alumnado a través de dinámicas. Plantexaranse, nunha primeira parte, a través da plataforma de formación do COTSG, algúns contidos teóricos nos que se traballará no foro para compartir as reflexións, opinións e propostas. Complementarase con 3 sesións virtuais (a través de Zoom), onde se tentarán desenvolver situacións prácticas, a través da abordaxe de casos prácticos.

7. AVALIACIÓN

A avaliación realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- Asistencia, como mínimo, a 2 das 3 sesións virtuais.
- Realización da totalidade das tarefas/test propostos pola docencia.

8. DOCENCIA

Chus Olivares

Traballadora social experta en xénero. Directora da Casa de Acollida de Ferrol.

Elena Molanes

Traballadora social. Directora de Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero.

José Carlos Noya

Inspector do Corpo de Policía Nacional, Diplomado en Relacións Laborais pola Universidade de Oviedo e Diplomado en Ciencias Policiais pola Universidade de Salamanca.

Iniciou a súa carreira profesional no País Vasco e desde 1995 presta os seus servizos na Comisaría de Santiago de Compostela, onde foi Xefe de Grupo SAF (agora UFAM-Unidade de Atención á Familia e Muller) durante 5 anos. Na actualidade é Coordinador de Servizos.

Durante 6 anos estivo na UPA (Policía Autonómica) de Santiago, onde foi Xefe de Grupo de Violencia de Xénero e Menores.

Durante 14 anos foi profesor colaborador en materia de intervención policial da AGSP en A Estrada.

Julia Álvarez

Licenciada en Dereito pola Universidade de Granada, cursando o Máster de Práctica Xurídica na Universidade de Santiago de Compostela. Avogada socia da Cooperativa Xurídica Artigo 14 está especializada en Dereito Penal, Dereito Civil e Función Pública. Dada de alta na quenda de oficio nas ramas de Dereito Penal e Dereito Civil, así como na Quenda especial de Violencia de Xénero.

Marta Carro

Traballadora Social. Posgraduada en mediación e intervención sociofamiliar.

Experta en xénero e políticas de igualdade. Asesora laboral, fiscal e contable.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://www.instagram.com/cotsgalicia)

Coa financiación de:



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

